



# VI Festival de Bandas

Sábado 19 de agosto  
8:30h da tarde  
Praza de Abaixo

Agolada  
Beade (Vigo)  
Ribadeo  
ribadeo -2000

chenchu

XUNTA DE GALICIA IGREM CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS



EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO



Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo ASOCIACIÓN AMADORES DA MÚSICA



**A** **Banda Municipal de Agolada** nasceu en 1992, formándose con músicos provintes da Banda Cultural de Brantega. Ao seu primeiro Director, Xosé Manuel Collazo, sucedeu en 1994 o actual, Xosé Luís Quintás. A Banda de Música de Agolada, que se nutre de xóvenes formados na Escola de Música da localidade, ten actuado en moitas vilas galegas, en Portugal en varias ocasións e en Alcobendas (Madrid). Ten actuado, tamén, na TVG.

Xosé Luís Quintás Carreira (Palas de Rei, 1969) é bombardinista e profesor de piano. Estudou Dirección co Marcel van Bree, Henrie Adams e Enrique García Asensio. Dirixe a Escola de Música de Agolada e a súa Banda Municipal.

**A** **Banda-Escola de Música de Beade** (Vigo) comezou a súa actividade en 1985. De 1989 a 1992 estivo dirixida por Javier Comesaña Pereira. Do 92 ao 99 o seu titular foi Julio Vázquez Martínez. E desde hai menos dun ano está á súa fronte Javier Viceiro Filgueira. A Banda de Beade é unha agrupación moi laureada: 3º premio no I e II certames galegos de bandas de música populares promovidos pola TVG; 2º premio no certame de bandas de València en 1996; 1º premio no certame Vila de Leganés en 1997.

Javier Viceiro (Pontevedra 1973) é profesor superior de trompeta polo Conservatorio Superior de Música de Madrid, onde estudou con José M<sup>o</sup> Ortí. Actualmente exerce a docencia no Conservatorio Superior de Música de Vigo. É membro do Grupo de Metais Santa Cecilia. Ten colaborado co Xoven Orquestra de Galiza, coa Orquestra Clásica de Vigo, coa Orquestra Sinfónica da RTVE, coa Orquestra Sinfónica de Galiza e coa Real Filharmonía de Galiza. Entre 1997 e 1999 foi director titular da Banda Municipal de Silleda, á fronte da cal actuou en Ribadeo na pasada edición do Festival de Bandas.

**A** **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** actuou por primeira vez en 1992, coa metade de compoñentes de hoxe. Nestes oito anos de actividade ten actuado nas principais vilas e cidades de Galiza, en Asturias, en Madrid, en Barcelona, en Aranjuez, en Lisboa, etc. En 1997 gravou o seu primeiro CD e agora traballa na preparación doutros dous.

Hernán Naval (Viveiro 1962) é o director da Municipal ribadense desde a súa presentación. Dirixe tamén a Escola Municipal de Música. É vice-presidente da AGEMM (Asociación Galega de Escolas Municipais de Música). Ven de ser nomeado segundo director da Banda da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

### *Banda Municipal de Agolada*

<b>Sangue de artista</b> (Paso-dobre) .....	J. Texidor
<b>Cançons de mare</b> .....	R. Taléns
<i>Mareta</i>	
<i>Mare, Visanteca es casa</i>	
<i>Baix la pont de Cullera</i>	

<b>Moment for Morricone</b> .....	E. Morricone
	Arr.: J. de Meij

XOSÉ LUÍS QUINTÁS  
DIRECTOR

### *Banda-Escola de Música de Beade* (Vigo)

<b>Olympica</b> .....	J. van der Roost
<b>A pantasma da ópera</b> .....	A. Lloyd Webber
	Arr.: J. de Meij
<b>Atlético</b> (Paso-dobre) .....	Llano

JAVIER VICEIRO  
DIRECTOR

### *Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo*

<b>Marcha</b> (da Jazz Suite nº 2) .....	D. Shostakovich
	Arr.: J. de Meij
<b>O Camiño Real</b> .....	A. Reed
<b>John Williams in concert</b> .....	Arr.: Paul Lavender

HERNÁN NAVAL  
DIRECTOR